

MANUAL DE USO

Manual de uso dos materiais didácticos do proxecto
"Da imaxe fixa á curtametraxe. Experiencias plásticas
e audiovisuais".

Proxecto realizado durante unha Licenza por
formación no curso 2015/16. Consellería de Cultura,
Educación e O.U. Xunta de Galicia.

Yolanda Cobas Fernández. Mestra de primaria no CEIP
Plurilingüe Carballal-Cabral.



UD 1. MATERIAIS DA AULA DE PLÁSTICA

PROFESORADO:

O material engloba a guía didáctica, o modelo de observación para a avaliación diaria do alumnado e a rúbrica para a avaliación da tarefa final. Son arquivos PDF para visualizar directamente dende a aula virtual.

ALUMNADO:

Nos materiais de apoio didáctico atoparedes unha presentación en PDF para comentar entre os compañeiros. Usádea de referencia no vos traballo.

A tarefa que teredes que realizar tamén está nun arquivo PDF. Abride os arquivos directamente dende a aula virtual.

UD 2. O CÓMIC

PROFESORADO:

O material engloba a guía didáctica, o modelo de observación para a avaliación diaria do alumnado e a rúbrica para a avaliación da tarefa final. Son arquivos PDF para visualizar directamente dende a aula virtual.

ALUMNADO:

Nesta unidade atoparedes unha páxina web sobre o storyboard. Abrídea directamente na aula virtual e navegade polas diferentes páxinas utilizando a barra espaciadora ou as frechas do teclado.

Tamén dispoñedes dun LIM con información sobre o cómic. Utilizade os enlaces da barra superior ou as frechas para navegar polas diferentes páxinas.



UD 3. FOTOGRAFÍA

PROFESORADO:


O material engloba a guía didáctica, o modelo de observación para a avaliación diaria do alumnado e, neste caso, dúas rubricas para a avaliación das tarefas finais. Son arquivos PDF para visualizar directamente dende a aula virtual.

ALUMNADO:

Nesta unidade atoparedes unha presentación web coas nocións máis básicas sobre fotografía. Abrídea directamente na aula virtual e navegade polas diferentes páxinas utilizando os botóns + e -.



Tamén podedes ir directamente á páxina que queirades introducindo o número de páxina.



Lembrade que podedes utilizar esta información como apoio no voso traballo.

UD 4. FOTOGRAFÍA

PROFESORADO:

O material engloba a guía didáctica, o modelo de observación para a avaliación diaria do alumnado e a rúbrica para a avaliación da tarefa final. Son arquivos PDF para visualizar directamente dende a aula virtual.

ALUMNADO:

Nesta unidade atoparedes a vosa tarefa nun arquivo PDF. Fixádevos ben no que tedes que facer.

A continuación, atoparedes tres vídeos explicando o funcionamento do programa OpenShot, que utilizaredes para editar as vosas curtas. Abrídeos directamente na aula virtual.